

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “F” (AXUDAS AO ESTUDO E A INVESTIGACIÓN) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (D.O.G. Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 09:00 horas do día 23 de abril de 2007, reúnense en primeira sesión ou xuntanza sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a avaliación dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade “**B**” (axudas ao estudo e á investigación), submodalidades **F-2**, **F-3** e **F-4**, correspondentes ao ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel Angel Martín Fernández (Xerente do **IGAEM**)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do **IGAEM**)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do **IGAEM**)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do **IGAEM**)
D^a. Belén Tabernero Alejandro (Xefa do Servizo Administrativo do **IGAEM**)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do **IGAEM**)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente dáse conta da relación de solicitudes que entraron no rexistro do **IGAEM**, poñéndose de manifesto que as instancias que presentaron a documentación dentro de prazo e que tiveron entrada ate o día de hoxe nas dependencias do **IGAEM** para participar na citada convocatoria, na modalidade F, submodalidades **F-2**, **F-3** e **F-4** comprenden, segundo consta na certificación rexistral aportada polo encargado do Rexistro do **IGAEM**, un total de **DEZ (10)**, resultando as seguintes:

F.2.- Axudas á investigación:

- 1.- MIGUEL ALEJANDRO LÓPEZ SEOANE
- 2.- FRANCISCO JAVIER GARBAYO MONTABES
- 3.- CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ

F.3.- Axudas á práctica profesional:

- 1.- ROBERTO FERNÁNDEZ SOBRADO
- 2.- MIGUEL ALEJANDRO LÓPEZ SEOANE
- 3.- TAMARA LORENZO GABEIRAS

F.4.- Residencias de danza:

- 1.- BRANCA NOVO REY
- 2.- UXÍA PEREIRO VAELO
- 3.- OSWALDO GARCÍA CRESPO
- 4.- ALÉN DE RANDE

Compróbase que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas de correos e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido nas bases, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cumprimentadas (o prazo final de presentación das instancias para os tres tipos de submodalidades rematou o día 17 de febreiro de 2007, segundo o previsto na base Quinta do Capítulo III da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun primeiro momento, na presente convocatoria.

Seguidamente, e previamente ao inicio do exame da documentación presentada, comunícase á Comisión que, con data do pasado 13 de abril de 2007 e núm. de entrada nas dependencias do IGAEM 1168, presentouse un escrito pola persoa aspirante ás modalidades **F-2** e **F-3**, don **Miguel A. López Seoane**, instando a súa **RENUNCIA** a todas as modalidades de axudas ás que se presentara a priori, coa excepción da modalidade B-1 (para a cal presenta nova solicitude de inscrición a este tipo de subvencións); polo que acórdase aceptar dita renuncia e acordar a súa exclusión das dúas modalidades de axudas anteditas.

A continuación, e tras un exame inicial da documentación aportada polas persoas participantes, acórdase **EXCLUÍR** a **DªCARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ** (para a modalidade **F-2**), e a **Dª TAMARA LORENZO GABEIRAS**, esta última na modalidade de axudas **F-3**, xa que non cumpren cos requisitos esenciais e necesarios esixido nas bases da Convocatoria.

No primeiro suposto, a solicitante **Carlota Pérez Fernández** incumpre concretamente o punto 3º do Capítulo X, apartado b), en relación cos importes e límites das axudas e no que, con relación aos beneficiarios da modalidade **F-2** (*axudas á investigación*), establécese que o obxecto desta modalidade de axudas é a concesión de tres bolsas de investigación, cun importe unitario máximo de **6.000 €**, nos seguintes tres ámbitos temáticos:

- “-Análise comparada sobre política cultural no ámbito das artes escénicas no conxunto do Estado.***
- Catalogación de fondos musicais das catedrais de Galicia.***
- Estrutura do mercado discográfico da área da lusofonía”.***

No presente suposto en cuestión e trala lectura pormenorizada da documentación específica achegada pola solicitante a esta subvención, dedúcese que o obxecto do proxecto de investigación que presenta non se podería englobar en ningún dos tres temas anteriores, xa que compróbase que o proxecto que aporta denomínase **“Educadanza”**, consistente na elaboración e posta en marcha dunha campaña didáctica enfocada a rapaces de 6 aos 15 anos, incluíndose un programa de actividades no que destaca un taller de danza, unha mostra de espectáculo coreográfico e un curso de iniciación á linguaxe coreográfica; polo que cómpre concluír que, por unanimidade dos membros da comisión, procede acordar o rexeitamento da súa solicitude e a súa exclusión das axudas por non cumprir co punto 3.b), Capítulo X das presentes bases.

Con respecto ao caso de **Tamara Lorenzo Gabeiras**, do exame da documentación achegada -e á vista da documentación complementaria que se lle requiriu no tempo de forma debidos-, cabe estimar que a solicitante incumpre tamén o requisito básico e esencial punto 3º do Capítulo X, apartado c), en relación co obxecto da axuda á que se destinarían as prácticas profesionais, con relación aos beneficiarios da modalidade **F-2**, establecéndose no indicado epígrafe que *“o obxecto desta modalidade de axudas é a concesión de dúas bolsas de práctica profesional, cun importe unitario máximo de **8.400 €**, en mensualidades de 700 €, nos seguintes dous ámbitos temáticos:*

- Promoción exterior e internacionalización.***
- Marketing das artes escénicas e musicais.”***

Neste caso, a solicitante presenta unha instancia a esta modalidade de axudas para a súa asistencia a un *másterclass* de interpretación pianística, polo que é obvio que se trata dun erro da mesma, xa que o ámbito obxecto deste subtipo non ten nada que ver coa axuda que insta; polo que cómpre concluír que se acorda o rexeitamento da súa solicitude, quedando tamén excluída das presentes axudas na submodalidade **F-3**, por incumprimento do contemplado no epígrafe 3º.c) do Capítulo X da convocatoria.

Seguidamente iníciase a revisión da documentación achegada polas restantes persoas que participan nesta modalidade, correspondente á documentación administrativa requirida na Base Sexta, así como a documentación específica consignada no apartado 5º.b), c) e d) do Capítulo X da convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o presente ano, polo que, respecto das compañías solicitantes que si cumpren inicialmente cos requisitos necesarios para optar ás axudas obxecto da presente convocatoria, pero que presentaron a documentación incompleta e que sexa susceptible de subsanación, acordouse que por parte dos servizos administrativos do **IGAEM** e por delegación expresa do seu xerente -de conformidade coa Base 7.1 da convocatoria de axudas públicas-, se procedese a requirirllas para que presentasen a documentación que reste, concédeseles un tempo para a súa aportación; esta documentación tivo que ser entregada neste Organismo Autónomo **no prazo improrrogábel de dez días hábiles, contados a partires do día da notificación do dito requirimento**, baixo prexuízo de resultar excluídas desta convocatoria e entenderse que decaen do seu dereito á reclamación de axudas, no caso de non presentalos ou non achegalos no dito prazo.

Finalmente, procédese a iniciar a avaliación e baremación dos proxectos presentados polos aspirantes, con base na documentación achegada por cada un deles; e resultando do exame inicialmente efectuado (respecto dos proxectos e solicitudes presentados para as modalidades **F-2, F-3 e F-4**), o seguinte informe de adxudicación provisional de axudas, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3 e 8ª apartado 4, así como no epígrafe 4º.b), c) e d) do Capítulo X da convocatoria, que se xunta á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I**, achegado como parte inseparábel dela, e elevándose ao órgano instructor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do **IGAEM**.

E sendo as 11:00 horas do día 23 de abril de 2007, e non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, polo Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión
Asdo.: Miguel Martín Fernández

A Secretaria da Comisión
Asdo.: Paula Villasenín Parrado

ANEXO I

INFORME DA COMISIÓN DE VALORACIÓN AXUDAS AO ESTUDO E Á INVESTIGACIÓN

(Valoración dada ás instancias presentadas, consonte cos criterios previstos nos apartados 4º.b), c) e d) do Capítulo X da convocatoria de axudas do **IGAEM** ao sector escénico e musical):

1.- Modalidade F-2 (Axudas á investigación):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	PUNTUAC.	CONTÍA CONCEDIDA	PROXECTO PRESENTADO
MIGUEL A. LÓPEZ SEOANE*	491	0 ptos.	0 €	RENUNCIA
FRANCISCO J. GARBAYO MONTABES	547	80 ptos.	6.000 €	<i>Catalogación do Arquivo de Música da Cat. de Lugo</i>
CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ**	574	0 ptos.	0 €	“EDUCADANZA”

* RENUNCIA: Presentou un escrito de RENUNCIA a todas as modalidades de axuda ás que solicitara, e presentou posteriormente unha solicitude de axudas á modalidade “B-1”, co núm. de entrada no rexistro 1168.

** EXCLUÍDA por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade F-2, recollido no punto 3º.b) do capítulo X (non incluírse o proxecto presentado dentro do ámbito temático e material proposto polo IGAEM).

2.- Modalidade F-3 (Axudas á práctica profesional):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	PUNTUAC.	CONTÍA CONCEDIDA	PROXECTO PRESENTADO
ROBERTO FERNÁNDEZ SOBRADO	369	65 ptos.	8.400 €	<i>Promoción exterior e internacionalización</i>
MIGUEL A. LÓPEZ SEOANE*	491	0 ptos.	0 €	RENUNCIA
TAMARA LORENZO GABEIRAS**	497	0 ptos.	0 €	“Masterclass” en interpretación pianística

* RENUNCIA: Presentou un escrito de RENUNCIA a todas as modalidades de axuda ás que solicitara, e presentou posteriormente unha solicitude de axudas á modalidade “B-1”, co núm. de entrada no rexistro 1168.

** EXCLUÍDA por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade F-3, recollido no punto 3º.c) do capítulo X (non incluírse o proxecto presentado dentro do ámbito temático e material proposto polo IGAEM).

3.- Modalidade F-4 (Residencias de danza):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
BRANCA NOVO REY	219	40 ptos.	0 €
UXÍA PEREIRO VAELO	417	85 ptos.	3.000 €
OSWALDO GARCÍA CRESPO	502	40 ptos.	0 €
ALÉN DE RANDE	604	75 ptos.	3.000 €